



**Acta núm. 14/2022.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 09 de agosto de 2022.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

José Luis Sampedro Bouzas.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Non asiste:
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13:00 horas do 09 de agosto de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 13/2022, DO 26.07.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA INICIO DE ACTIVIDADE.
- 5º) RENUNCIA A COMUNICACIÓN PREVIA.
- 6º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 7º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 8º) APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO.
- 9º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 13/2022, DO 26.07.2022.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 26.07.2022, acta núm. 13/2022.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RAMÓN VILAS MONTERO, na que comunica que vai construír unha edificación auxiliar illada (alpendre), dunha única planta e escasa entidade construtiva, con bloques de formigón e tella cerámica como material de cubrición, nunha parcela sita en Chave de Ponte 43 – Bastavales.

A parcela (referencia catastral 8712209NH2481S0000ZM) onde se pretende realizar a obra atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL-1) do PXOM, ten unha edificación construída no ano 2011, segundo a Oficina Virtual de Catastro, e un porche aceptado pola Xunta de Goberno Local de data 25.09.2018.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A superficie máxima do alpendre será de 12 m².
- As fachadas do alpendre estarán convenientemente revestidas e pintadas e a cuberta terá unha pendente mínima de 26,56º.
- O alpendre situarase mínimo a 3 metros de tódolos lindeiros e a 5 metros mínimo do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 24,51 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 89,08 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUELA LUEIRO GUZMÁN, na que comunica que vai desmontar un muro de pedra de 4 metros de lonxitude e construír un muro novo de formigón de 80 cms. de altura a parte cega, e con reixa metálica por enriba, en contacto coa vía pública, no lugar de Liñares - Brión.

A parcela (referencia catastral núm. 5750406NH2455S0001WA) emprázase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1), para as áreas consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche situarase mínimo a 4 m. do eixe do vial.
- A altura máxima do peche será de 1,80 metros medidos dende a rasante natural do terreo.
- A parte de formigón do muro estará convenientemente revestida e pintada.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 46,80 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 111,37 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EULALIA PÉREZ SOÑORA, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda sita no Paseo de Pedrouzos 38 – Brión, consistentes en substituír a tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela na que se van executar as obras (referencia catastral núm. 6357807NH2465N0014WJ), emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 78,40 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 142,97 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LORENA MARTÍNEZ SEIJAS, na que comunica que vai pintar e revestir dúas fachadas dunha vivenda sita en Chave de Carballo 2 - Bastavales, aplicando un sistema de illamento tipo "SATE", para mellorar a envolvente térmica da mesma.

A edificación (referencia catastral 9117710NH2491N0001KB), na que se van executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) e atópase dentro da zona de policía de leitos do río Sar.

A Xunta de Goberno Local, á vista declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 04.07.2022 (clave DH.W15.86048), e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 118,72 euros.

Total: 118,72 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Manuel Vázquez Santamarina, que di actuar en representación de CARMEN GENEROSA ARUFE PÉREZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación nun alpendre sito en Cabanas – Os Ánxeles, consistentes en reparar a cuberta do alpendre, de aproximadamente 44,80 m², substituíndo a totalidade da tella existente en mal estado por pranchas de fibrocemento e tella nova, e encintado de fachadas, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación. A edificación (referencia catastral número 5135401NH2453N0001YG) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 63,08 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 127,65 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por GONZALO LAGO FERRO, na que comunica que vai pintar as fachadas dunha vivenda sita en Sabaxáns nº 77- Bastavales. A edificación (referencia catastral 8013111NH2471S0000ML) na que se van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 77,87 euros.

Total: 77,87 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por NOELIA GARRIDO BEADE, na que comunica que vai limpar e encintar as fachadas dunha vivenda sita en Guisande 9- Os Anxeles. A edificación (referencia catastral 6531408NH2463S0001UR) na que se van executar as obras emprázase sobre solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 28,04 euros.

Total: 28,04 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CRISTINA BECERRA PEDRARES, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda sita no lugar de Nináns nº 21- Luaña, consistentes en substituír a tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela (referencia catastral núm. 0449401NH2405S0001KF) na que se van executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-1) do PXOM

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 143,48 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 208,05 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA PEREGRINA BARBAZÁN MARTÍNEZ, na que comunica que vai realizar obras de mellora enerxética da envolvente exterior dunha vivenda sita no lugar de Vilar nº 26- Viceso, consistentes en:

- Substituír as fiestras da vivenda por fiestras de pvc, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.
- Colocación de illamento térmico sobre as fachadas, mediante o sistema "SATE".
- Mellora das instalacións térmicas da vivenda, substituíndo a caldeira actual de gasoil por un sistema mixto de aerotermia con bomba de calor + caldeira de pellets.
- Tamén se vai mellorar o illamento do espazo baixo cuberta, e do mesmo xeito, mellorar o illamento do tabique que separa o garaxe co resto da vivenda.

A edificación na que se van executar as obras (referencia catastral núm. 1353304NH2415S0001ZK) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1.735,89 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 1.800,46 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ferrán Nogue Collgros, que di actuar en representación de CLIDOM SOLAR, S.L., na que comunica que vai instalar placas solares para autoconsumo nunha vivenda sita na rúa da Senra 14 – Os Ánxeles, co fin de aproveitar a enerxía solar, e beneficiarse do aforro enerxético xerado para o autoconsumo eléctrico doméstico. As placas (12 módulos) instalaranse sobre a cuberta da vivenda.

A edificación (referencia catastral núm. 6848414NH2464N0001AD) emprázase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 173,41 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 237,98 euros.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Roger Fernández Girona, que di actuar en representación de SOLAR PROFIT ENERGY SERVICES, S.L., na que comunica que vai instalar placas solares para autoconsumo nunha vivenda sita en Paseo de Pedrouzos 18 –

Brión, co fin de aproveitar a enerxía solar, e beneficiarse do aforro enerxético xerado para o autoconsumo eléctrico doméstico. As placas (9 módulos) instalaranse sobre a cuberta da vivenda.

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral núm. 6357807NH2465N0024OQ), emprázase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 101,58 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 166,15 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL GERDO CALVIÑO AIDO, na que comunica que vai arranxar unha canalización de subministro de auga privada para a vivenda sita en Osebe 1 - Bastavales, nunha lonxitude de 10 metros, aproximadamente, na vía pública.

A edificación (referencia catastral 7005930NH2470N0001BK) emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 2,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 66,57 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalación de liña subterránea para dar subministro de enerxía eléctrica a unha vivenda (ref. catastral: 4950503NH2445S0001LU), sita no lugar de O Casal – Brión. Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabiá dunha lonxitude total de 12 metros de lonxitude, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña de data 17.06.2022 , (expte. 1699/2022-CO).

A parcela asentase sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural e atopase dentro do ámbito de afección patrimonial da aldea do Casal (clave: BE4), e en base á Instrución de 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 48,60 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 9,72 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 74,29 euros

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA INICIO DE ACTIVIDADE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ISABEL MATEO FERNÁNDEZ, na que comunica o inicio de actividade dun local destinado a "CROSS TRAINING", na Urbanización Balneario do Tremo núm. 3, portal 6, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local do 23.02.2021 autorizou as obras de pintado do interior de dous locais situados na Urbanización Balneario do Tremo núm. 3, portal 6, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista da memoria de actividade asinada polo arquitecto técnico Santiago Boo Amor o 08.01.2021, e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal no que sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar o uso do local destinado a "CROS TRAINING", na Urbanización Balneario do Tremo núm. 3, portal 6, Os Ánxeles, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenza de actividade: 184,28 euros.

Total: 184,28 euros.

QUINTO.- RENUNCIA A COMUNICACIÓN PREVIA.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por LORENA MARTÍNEZ SEIJAS, na que comunica ao Concello a renuncia á autorización concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 16.03.2021, para pintar dúas fachadas da vivenda sita en Chave de Carballo 2 - Bastavales, (referencia catastral núm. 9117710NH2491N0001KB) para garantir a conservación e as condicións de estanquidade e illamento da edificación.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido pola arquitecta municipal no que se sinala que en Chave de Carballo 2 – Bastavales, non se iniciaron as obras para as que se concedeu a autorización, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 16.03.2021.

2º) Que se proceda á tramitación de expediente de devolución do ICIO, previo informe de intervención.

3º) Notificar o presente acordo á interesada.

SEXTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Xabier Liñares Tüñez, que di actuar en representación de IRIA BERNAL LÓPEZ, na que solicita a modificación da licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local o 07.06.2022 para construír unha vivenda unifamiliar en Gándara 22, San Salvador, segundo o proxecto de execución asinado polo estudio Salgado e Liñares arquitectos S.L.P., visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23.05.2022 (expte. núm. 2202919), nos seguintes termos, segundo proxecto de execución modificado presentado en data 02.08.2022 asinado polo estudio Salgado e Liñares arquitectos S.L.P., visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 02.08.2022:

- Redúcese a superficie construída da vivenda en 15,43m², pasando de 79,81m² construídos a 64,38m² construídos, e a distribución interior, para cumprir coas condicións de habitabilidade.
- A modificación pretendida non modifica a implantación da edificación no terreo, a edificabilidade nin a ocupación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a modificación da licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 64,57 euros.

SÉTIMO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por José Manuel Carballal Veiga, que di actuar en representación de ELIAS CHAVES NOYA, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Casaldoeiro 12 – Bastavales.

A Xunta de Goberno Local do 10.12.2019, concedeu licenza para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en Casaldoeiro nº 12, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar, e a documentación corrixida recollida no Reformado do proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar, asinado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, en representación de CARQUITEC S.L.P, que contan con visado colexial de datas 10.06.2019 e 30.10.2019 respectivamente (n.r.e.: 1903081).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena con data 14.02.2022, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.03.2022, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 125,71 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 7,18 euros.
- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 229,74 euros.

OITAVO.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 03.08.2022 de prezo público para a asistencia á actividade: Viaxe para maiores á Costa de Andalucía 2022, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), en sesión do 08.08.2022.

Vistos o informe técnico de servizos sociais do 15.07.2022 e o informe de intervención do 03.08.2022.



Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia á actividade: Viaxe para maiores á Costa de Andalucía 2022, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público por persoa en habitación dobre: 624,00 €.
- Prezo público por persoa en habitación individual: 814,00 €.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 13,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González